



CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 30 DE SETEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:35 horas do día 30 de setembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o día 29 de setembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Margarita Parajó Calvo (asiste aos puntos 1a, 1b e 1c)
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Álvaro Crespo Casal (asiste aos puntos 3a e 4a)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 2b)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 2a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 21 de setembro de 2016

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 21 de setembro de 2016 cos votos a favor de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 22 de setembro de 2016

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 22 de setembro de 2016 cos votos a favor de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

c) Acta da sesión do 23 de setembro de 2016

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 23 de setembro de 2016 cos votos a favor de D^a. Margarita Parajó Calvo, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:25	Páxina 1 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA648-E3C2E3-E43DE2-PMHGEY-2NPZEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

d) Acta da sesión do 26 de setembro de 2016

Retírase para corrección a acta da sesión do 26 de setembro de 2016.

e) Acta da sesión do 28 de setembro de 2016

Apróbase a acta da Mesa de Contratación do 28 de setembro de 2016 cos votos a favor de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de renovación do céspede artificial no campo de fútbol de Comesaña (15119-333) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

A Mesa de Contratación, á vista do informe emitido polo xefe da Área de Investimentos do 28 de setembro de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. REALTURF SYSTEMS, SL
2. MECANO SPORT, SL
3. MONDO IBERICA, SA

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Gregorio Espino. Fase II (3924-440) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

A Mesa de Contratación, á vista do informe emitido polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 28 de setembro de 2016, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. CIVIS GLOBAL, SLU
2. CONSTRUCCIONES FECHI, SLU
3. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, SL
4. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL
5. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL
6. PRACE SERVICIOS Y OBRAS, SA
7. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, SL
8. COPCISA, SA
9. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA
10. NAROM, SL
11. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, SAU



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:25	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA648-E3C2E3-E43DE2-PMHGEY-2NPZEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



**CONCELLO DE VIGO
CONTRATACIÓN**

3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) (informe sobre B)

Entrégase na Mesa o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 30 de setembro de 2016, que rectifica o de data 27 de setembro de 2016, sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) (informe sobre B)

A Mesa acepta o informe asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais de data 30 de setembro de 2016 sobre valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O presidente da Mesa (Francisco Javier Pardo Espiñeira)

A secretaria (Ángela Fernández López)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/05/2024 10:25	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABA648-E3C2E3-E43DE2-PMHGEY-2NPZEQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		